

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA TRINTA DE OUTUBRO DE DOUS MIL CATORCE


No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas do día trinta de outubro de dous mil catorce, reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Faustino Cebreiro Paz, Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, Rocío Martínez Martínez, e Jairo Orjales Sande, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.- Aprobación se procede da acta do pleno do día vinte e nove de agosto de 2014. Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a acta anterior.

2.- Dar conta dos decretos da Alcaldía . A secretaria procedeu a lectura da relación de decretos seguintes :

Núm.	Data	Descrición
Agosto 2014		
142	26/08/2014	Aprobación de facturas do nº 338 ao nº 381
143	27/08/2014	Aprobación da memoria técnica e presuposto para a obra de renovación das instalacións públicas exteriores
144	27/08/2014	Aprobación do expediente de contratación da obra “Reparación camiño O porto – Susloureiros – Pozadauga”, incluído no Plan DTC 93
145	27/08/2014	Autorización para pechar unha vía municipal ao tráfico rodado en Porto durante a celebración das festas do Rosario e do Pilar
146	28/08/2014	Autorización a Promacer para usar un local de Avispeira para asemblea extraordinaria o 27 de setembro
147	28/08/2014	Autorización a Promacer para usar un local de Avispeira para unha reunión informativa o 18 de outubro
148	29/08/2014	Autorización a Comisión de festas da Barqueira para usar as mesas municipais
149	29/08/2014	Autorización a Cebarca para usar o pavillón o 30 de agosto e o 6 de setembro durante o cuadrangular
150	29/08/2014	Autorización a Cebarca para usar o pavillón o 4 e o 5 de outubro para un campionato de fútbol
Setembro 2014		
151	01/09/2014	Acordo de apertura dun novo prazo para que a Comisión de festas da Barqueira poida presentar a solicitude dunha subvención municipal
152	04/09/2014	Autorización a Comisión de festas da Barqueira para a celebración das festas do Rosario e

		do Pilar
153	09/09/2014	Autorización a particular para usar un local do Castro o 20 de setembro 3 horas para celebración dunha festa de aniversario infantil
154	09/09/2014	Alta no padrón municipal de habitantes dunha veciña en Moutillón
155	10/09/2014	Aprobación da relación de recibos do SAF do mes de agosto de 2014
156	10/09/2014	Aprobación da certificación nº 1 e da liquidación da taxa da obra de Modificado camiño Rego da Madeira - límite co concello de Moeche (Os Casás)
157	10/09/2014	Autorización a Cebarca para usar o pavillón polideportivo o 13 de setembro durante a celebración do torneo de fútbol 8
158	11/09/2014	Autorización a particular para usar o local do Castro para unha celebración de aniversario o 20 de setembro durante todo o día
159	12/09/2014	Concesión da licenza de obra 2014/U008/000006 para Reforma de cuberta de dúas vivendas apegadas en Felgosas
160	15/09/2014	Aprobación da memoria e do gasto para obra menor de alumeadado público en Carballás
161	16/09/2014	Autorización a Comisión de festas de Cerdido para celebrar as festas de Dolores en Vila da Igrexa
162	16/09/2014	Autorización a Comisión de festas de Cerdido para realizar os espectáculo pirotécnicos durante as festas de Dolores en Vila da Igrexa
163	16/09/2014	Autorización a Comisión de festas de Cerdido para pechar ao tráfico unha vía municipal durante a celebración das festas de Dolores
164	16/09/2014	Alta no padrón municipal de habitantes de dous veciños en Torre
165	16/09/2014	Autorización a Albar Quercus para usar un local da casa da cultura para os cursos de bordado e de bolillos
166	18/09/2014	Autorización a Arumes do Castro para usar un local do Castro para os ensaios da coral
167	18/09/2014	Autorización a Arumes do Castro para usar un local de Avispeira para o curso de pintura
168	23/09/2014	Autorización a Promacer para usar a casa da cultura para o curso de prevención de riscos laborais, os 6 e 7 de outubro
169	25/09/2014	Autorización a Albar Quercus para usar un local da casa de Avispeira para os cursos de zumba
170	26/09/2014	Aprobación de facturas do nº 383 ao nº 420
171	29/09/2014	Acordo de adxudicación do contrato da obra "Reparación camiño O Porto – Susloureiros - Pozadauga"
Outubro 2014		
172	01/10/2014	Autorización a Fundación ECCA para dar clases de preparación para a obtención do certificado da ESO
173	01/10/2014	Aprobación do expediente de modificación de crédito 8/14 para gastos de suministros combustibles, persoal laboral e cotización social
174	02/10/2014	Acordo de contratación de persoal para cubrir as vacacións dunha Auxiliar de Axuda a



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

		domicilio
175	03/10/2014	Acordo de aprobación da relación de recibos do SAF do mes de setembro de 2014
176	06/10/2014	Acordo de rexeitar a petición de documentos de varias obras por parte do concelleiro Benigno Galego Castro
177	10/10/2014	Aprobación de facturas do nº 421 ao nº 439
178	13/10/2014	Acordo de remisión dunha copia dos planos da situación das vivendas de promoción pública de Vila da Igrexa a María Pilar Galego Novo
179	13/10/2014	Concesión dunha licenza para tenza de animais potencialmente perigosos en Moutillón
180	13/10/2014	Inscripción dun can no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos
181	16/10/2014	Autorización a UD Cebarca para usar o pavillón e o equipo de megafonía os días 18 e 19 de outubro para celebrar o I torneo de fútbol sala
182	16/10/2014	Autorización a Promacer para usar un local de Avispeira o 1 de novembro para unha xuntanza dos voluntarios contra incendios
183	16/10/2014	Autorización ao grupo PSdeG-PSOE para usar a casa da cultura o 18 de outubro para unha xunta con veciños
184	22/10/2014	Devolución da garantía no expediente de contratación 03/2009
185	22/10/2014	Autorización de modificación da licenza 1/2007 en Regueirolongo
186	23/10/2014	Alta no Padrón de habitantes en Campo da Igrexa, 2 Izq – Os Casás
187	24/10/2014	Convocatoria de pleno ordinario

3- -Dar conta do informe do cumprimento dos prazos previstos para o pagamento das obrigas en cumprimento do disposto na Lei 15/2010 do 5 de xullo. .Terceiro trimestre do 2014. A secretaria leu o informe que se copia a continuación :


I.- NORMATIVA APLICABLE.-Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.
-Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da lei de facendas locais
-Real Decreto Lexislativo 3/2011 , do 14 de novembro , polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público .(TRLCSP) modificado polo Real Decreto 4/2013 do 22 de febreiro de 2013, de medidas de apoio o emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.- **CONSIDERACIÓNS.** En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º. 3 e 5º. 4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o artigo 3º. 3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:O prazo no que as administracións teñen a obriga de abonar o prezos da obrigas , ben recollido no artigo 216 do TRLCSP e na súa disposición

transitoria sexta recentemente modificado polo Real Decreto 4/2013 do 22 de febreiro o establecer que : A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á **data de aprobación das certificacións de obra** ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4. **III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS :** Que da execución presupostara rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/07/2014 e 30/09/2014 (terceiro trimestre 2014) obtense a seguinte información: **1 Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre**

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	16,7892	0	160	116.573,20	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos	16,7892	0	160	116.573,20	0	0
20- Arrendamentos e Canons	0,00	0	0	0	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	20,5327	0	26	27.603,51	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	15,6305	0	134	88.969,69	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	20,196	0	5	112.158,19	0	0
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	20,196	0	5	112.158,19	0	0
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0,00
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0	0	0,00
Aplicados a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0,00	0	0
Total	18,8128	0	166	228.784,32	0	0

2 Intereses de demora pagados no período: Ningún .Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes: **Ningunha.**

3 Facturas ou documentos



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre. (artigo 4º. 3 Lei 15/2010).

Facturas o documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre	Período medio pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados ao final do Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	2,5898	0	5	762,64	0	0,00
20- Arrendamentos e Canons	0,00	0	0	0,00	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	0,00	0,00	0	0,00	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	2,5898	0	5	762,64	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	4	0	1	16.251,38	0	0,00
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Total	3,9368	0	6	17.014,02	0	0,00

4)**Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses** dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5º. 4 Lei 15/2010): **Ningunha II.- CONCLUSIÓN.** Estes son os datos que aporta a aplicación informática facilitada pola Deputación da Coruña .É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, propoñendo:Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no artigo 5º. 4 da Lei 15/2010. Cerdido, a vinte e dous de outubro de dous mil catorce..O tesoureiro. A secretaria -interventora . **Daniel Rodríguez Fraguela . Paula Díaz Tie .Os membros do Pleno déronse por enterados .**

4 **Dar conta da remisión dos datos aos que fai referencia a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolve as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaría e sostenibilidade financeira. Terceiro trimestre do ano 2014.**A secretaria deu lectura o informe seguinte :Paula Díaz Tie , secretaria -interventora do Concello de Cerdido o abeiro do establecido na Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro , pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira


informa : **Primeiro** :Que o día 14.10.2014 remitiuse con certificado dixital a información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ao abeiro do disposto a Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro , pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira correspondente o terceiro trimestre do ano 2014 , tanto os datos presupostarios como os anexos dos informes , dos que resalto a seguinte información que se resume nos seguintes datos : Terceiro trimestre do ano 2014. . Resume por capítulos de ingresos e gastos .INGRESOS

	Exercicio corrente				Exercicio pechado
Código de conta	Créditos iniciais	Previsións actuais	Dereitos recoñecidos netos	Recadación líquida	Recadación líquida
1	184.000,00	184.000,00	146.762,06	146.762,06	0,00
2	16.000,00	16.000,00	2359,63	2359,63	0,00
3	102.200,00	102.200,00	76 707,29	64,069,17	13,248,10
4	592.832,80	630.609,28	407.021,29	407021,28	63239,39
5	21500,00	21,500,00	13618,18	13618,18	0,00
7	203.475,20	369.961,47	37581,74	37581,74	105000,00
8	0,00	74,000,00	0,00	0,00	0,00
Total	1.120.008,00	1.398,270,75	684,050,19	671.412,06	181.487,49

GASTOS

	Exercicio corrente				Exercicio pechado
Código conta	Créditos iniciais	Previsión actual	Obrigas recoñecidas netas	Pagos Líquidos	Pagos líquidos
1	456.520,60	460.140,78	291,684,66	291684,66	13.482,33
2	398.318,72	432.075,02	260.653,86	260.653,86	34.997,17
3	200,00	200,00	18,00	18,00	0,00
4	11.600,00	12.000,00	3064,36	3064,36	0,00
6	253.368,68	493.854,95	158.404,06	158.404,06	412,05
TOTAL	1.120.008,00	1.398,270,75	713,824,94	713,824,94	45.891,55

Informe de evacuación - resultado estabilidade presupostaria . Terceiro trimestre 2014.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Cumprimento de estabilidade presupostaria

Ingreso non financeiro	Gastos no financeiro	Axustes pola entidade	Axustes por operacións internas	Capacidade /Necesidade de financiamento
714049,62	713824,94	1454,53	0,00	1679,21

Informe de cumprimento da regra de gasto . Segundo Trimestre 2014.

Gasto computable liquidación 2013	Gastos inversións financiamento sostenibles	Limite regra de gasto	Gasto computable previsión 2014
634.822,25	0,00	644,344,58	577.364,78

Conclusión :O Concello de Cerdido cumpre , coa estabilidade presupostaria e coa regra de gasto Cerdido, 14 de outubro de 2014.A secretaria -interventora .Paula Díaz Tie

5 Mocións de Urgencia

O concelleiro Benigno Galego Castro presenta as seguintes mocións pola vía de urxencia :

5.1.- Moción para reclamar melloras no servizo e no mantemento das infraestruturas , apeadoiros , vías , limpeza de noiros e conservación a estación ferroviaria de FEVE .

Xustificando a urxencia dada a que estas melloras se realicen canto antes . **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a incorporación a orde do día da moción**

A secretaria da lectura a moción que se copia a continuación:

O Grupo Socialista no Concello de Cerdido, en base a Lei de Bases de Réxime Local e aos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización,Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poda resultar de aplicación, presenta unha MOCIÓN, coa seguinte,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS. De todos/as son coñecidas as continuas queixas dos usuarios da liña de Feve de Cerdido a Ferrol, queixas ocasionadas polos continuos retrasos nas expedicións que afectan a veciñanza, non só do noso Concello senón de toda a Comarca do Ortegal. Este pasado verán producíronse retrasos de máis de unha hora nalgúns servizos,especialmente no convoi que ten fixada a saída de Cerdido as 13.20, que ten saído as 14.35 co conseguinte prexuízo para os veciños que usan este medio de transporte tanto para ir o traballo como por cuestións de estudos ou para realizar xestións en Ferrol. temos que lembrar que a estación de Cerdido (aínda que

xeograficamente está situada en Moeche) e utilizada pola nosa veciñanza que dispón de moi poucas alternativas de horarios e transporte público para os seus desprazamentos.

O estado de abandono da Estación sen iluminación e mesmos con aseos pechados por falta de mantemento, xa motivou que dende O grupo Socialista a través dos nosos Deputados e Senadores presentara diversas iniciativas para que o Goberno teña coñecemento do abandono que sofren as infraestruturas de vía estreita no noso Concello e por engadido na nosa Comarca. Debemos defender as infraestruturas de transporte de proximidade, potenciando o seu uso e reclamando o administrador ferroviario ADIF o seu axeitado mantemento e conservación, un servizo no que se fixeron inversións en mellora de apeadoiros e iluminación; por certo na lexislatura VIII 2004-2008 presidida polos Socialistas, non pode ficar no abandono. Por iso, o Grupo do PSdeG-PSOE no concello de Cerdido, diante do Pleno da Corporación Municipal presenta, para que sexa aprobada, a seguinte Moción: 1.- O Pleno do Concello, remitirá o administrador ferroviario ADIF onde FEVE está integrada en RENFE este acordo Plenario reclamando melloras no servizo e no mantemento das infraestruturas, apeadoiros, vías, limpeza de noiros e conservación das Estacións en perfecto estado de uso. 2.- O Concello de Cerdido insta o Ministerio de Fomento a acometer os arranxos pertinentes na estación de Cerdido así como na explanada 3.- O Concello de Cerdido insta a Fomento a revisar o cumprimento dos horarios de Feve, así como a indemnizar os usuarios en casos de retrasos non debidos a causas de forza maior. En Cerdido a 28 de Outubro de 2014. **Os membros do Pleno por unanimidade aprobaron a moción anterior .**

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que o servizo do tren esta a empeorar , o estado da estación é penoso , os baños están pechados e nos horarios hai continuos retrasos . O servizo debe mellorar moito e estar mais acorde cos tempos de hoxe .

O concelleiro Jairo Orjales Sande apoia a moción presentada e engade que a estación estase descoidando para que a xente non use o tren , é necesario mellora os horarios e facer maior divulgación deste medio de transporte para que a xente o use .


A Alcaldesa afirma que esta dacordo coa moción e que este tema xa foi tratado nunha reunión cos Alcaldes da comarca e anuncia o seu apoio o contido da moción .

5.2 . Moción para cubrir a vacante do posto de condutor municipal por promoción interna .

Xustificando a urxencia parta que o servizo que se lle da os veciños mellore.

A Alcaldesa expón que non esta dacordo coa urxencia porque na Administración local non se poden crear postos de traballo

Os membros do Pleno rexeitaron incorporar a moción a orde do día . Catro votos a favor da incorporación dos Concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, Rocío Martínez Martínez , e Jairo Orjales Sande, d e Cinco votos en contra da incorporación da moción a orde do día dos Concelleiros Juan José Ramos Prieto , José Esmorís Aldao, María José López,



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Lamigueiro, Faustino Cebreiro Paz, e o vota da Sra. Alcaldesa

6- Rogos e Preguntas.

O Concelleiro Benigno Galego Castro fai os seguintes rogos e preguntas :

Nun escrito solicitou unha memoria das obras do campo de fútbol e aínda non llela facilitaron así mesmo solicita un esforzo para amañar a iluminación do campo de fútbol así como que se reparen catro focos do polideportivo que están sen luz

A alcaldesa explica que a memoria técnica das obras do campo de fútbol a ten no seu despacho porque houbo que facer algunhas modificacións técnicas e que a iluminación do campo de fútbol non podía entrar nas subvencións coas que se están a facer as melloras do alumeadado público . A intención é cambiar todo a LED pero non hai cartos para todos os investimentos necesarios .

Hai pistas que aínda non se desbrozaron e pensa que sería máis correcto que se desbroces as vías secundarias cando se desbroza a principal .

Solicita información sobre unha pista que vai o Cobelo que se lle dixo a un propietario que debería recortar unha caseta .

A Alcaldesa explica que a pista pasa moi cerca da casa e que o que se lle dixo ao propietario que se podía desviar un pouco da pista da casa cara a outro lado , onde esta a caseta .

Roga a Alcaldía que se proceda a un mantemento das casetas de madeira do bus escolar , porque senón non van a durar nada .

No caso das vivendas en ruínas , ten o Concello un censo ? . A alcaldesa explica que é un tema complicado que no caso de Susloureiros os propietarios non teñen recursos para realizar a demolición porque se require un proxecto técnico , e necesario estudar alternativas .

Camiño no ponte do Cardeal para dar servizo os montes como esta o tema ? A alcaldesa explica que se intentou incluír no PEIM para podelo financiar , pero non deixar incluír apertura de novos camiños así que se ten que estudar outra vía para podelo financiar .

As servidume de fincas cruzando ríos como se autoriza ? A Alcaldesa explica que o axente forestal encargado dos ríos quen o autoriza

Solicita que se retome o tema do paso de peóns en As Felgosas . A Alcaldesa explica que este

tema xa se tratou fai tempo e que é necesario poñer un semáforo e situalo preto da Xestoría por seguridade vial , e que é un tema que ten un risco importante pero retomárase o tema para volvelo a plantexar .

Hai queixas porque a rexa que esta xunto a farmacia e o bar esta en mal estado . A Alcaldesa explica que esta en mal estado porque a xente aparca enriba dela . O concelleiro Cándido Prieto Lago suxire poñer pivotes para que a xente non aparque

Hai queixas porque as escaleiras que están xunto o Casa do Concello teñen verdín e cando choven esvaran . A Alcaldesa explica que a persoa que limpa a casa do Concello ,as limpa e as veces trae unha máquina especial para quitarlle o verdín .

Pediuse un contenedor de lixo na Torre e aínda non se levou . A Alcaldesa explica que non se solicitou no Concello e que hai contenedores de sobre no almacén . E que a xente que o solicita se lle da un mais grande ou outro , e que se levará un a Torre

Cando se vai a asfaltar o camiño en Pontellas e nas Figueiras ? A Alcaldesa explica que se intentará incluír no POS 2015 .

Sábese cantos cantos vai investir a Xunta de Galicia na Via de alta capacidade? A alcaldesa explica que non o sabe pero que a ela lle gustaría que estivese en funcionamento fai moito tempo .


Solicitei por escrito que me remitisen o informe técnico sobre o Formigón que me dixo o Concelleiro de obras que o tiña ? O concelleiro de obras afirma que ten un informe dos compoñentes do formigón pero nada mais .

A que altura realizase as escavacións para as obras de abastecemento de auga , xa que no proxecto veñen a 1 metro e con base de area ? O concelleiro de obras explica que sobre 50 cm e que as obras de saneamento si que teñen a base de area e que nalgúns sitios as escavacións dan moitos problemas pola cantidade de pedra que atopan .

Na obra de pavimentación da Feira , sacáronse moitos rexistros como se fixo ? . A alcaldesa explica que había moitos xuntos e que se taparon os que non se necesitaban , utilizouse unha tapa de ferro e por riba con aglomerado para que podan ser detectados no caso de que fagan falta

O Concelleiro Jairo Orjales Sande fai os seguintes rogos e preguntas :

Na obra de pavimentación de Porto porque non se chegou ata arriba ? A Alcaldesa explica que non se fixo mais porque non había mais cartos .



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Roga a Alcaldía que se aproveite o bo tempo para realizar os rebacheos das pistas . A Alcaldesa da a razón o concelleiro e explica que se debe parar de desbrozar as pistas para realizar o rebacheo

Solicita a Alcaldía que se estude a posibilidade de cambiar a iluminación LED no Pavillón e no campo de fútbol , porque polo aforro xenerado recupérase pronto o investimento realizado . A **Alcaldesa** explica que a intención é esa pero necesitamos financiamento , e anuncia que xa se esta notando moito os cambios realizados na iluminación pública polo cambio de contrato por outro con discriminación horaria e polo reaxuste das potencias .

O Concelleiro Cándido Prieto Lago formula os seguinte rogo .

Existen varios farolas estropeadas en Avispeira e na casa da viuda e que solicita que se lle explique o cambio na iluminación pública se realizou en As Felgosas . A alcaldesa explica que nas Felgosas se adaptou a iluminación pública a normativa vixente .

E . non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as trece hora e vinte minutos do día trinta de outubro de 2014. Do que eu como secretaria dou fe :

A Secretaria

Paula Día Tie

A Alcaldesa

Ana Rodríguez Montero